

## Caderno II do Proxecto CIDEC: das representacións ás participacións

■ Luis A. Ogando Des

Universidade de Santiago de Compostela (España)



1. II Encontro CIDEC, celebrado na USC en outubro de 2015

O caderno *Das representacións ás participacións*, en fase de edición no momento de escribir este artigo, vén a ser o colofón do traballo desenvolvido polo proxecto *Cidadanía e Educomunicación (CIDEC)* ao longo do ano 2015. O libro está dividido en dous grandes bloques. O primeiro, ligado ao II Encontro *Cidadanía e Educomunicación*, celebrado en Santiago de Compostela os días 7, 8 e 9 de outubro. Mentres que a segunda parte da obra versa sobre ferramentas de participación cidadá, prestando especial atención á posta en marcha do Observatorio Ciudadán da Comunicación (OCC), nacido ao abeiro do proxecto. A continuación presentamos un resumo dos principais contidos que os lectores poderán atopar no II Caderno do proxecto CIDEC.

### 1. REFLEXIÓNS E PROPOSTAS EN TORNO Á PARTICIPACIÓN CIDADÁ: O II ENCONTRO CIDADANÍA E EDUCOMUNICACIÓN

Entre o 7 e o 9 de outubro de 2015, celebrouse na Universidade de Santiago de Compostela o II Encontro *Cidadanía e Educomunicación: das representacións ás participacións*. O obxectivo do mesmo foi recoller experiencias de participación nos diversos colectivos sociais e comunidades, así como idear entre estes, os comunicadores e os investigadores sociais, ferramentas, accións e procesos que axuden a unha mellor comunicación entre todos eles e permitan un coñecemento e recoñecemento igualitario e compartido.

Ao longo dos diversos debates celebrados

coincidiuse na existencia de eivas na comunicación tanto de traballos de participación con grupos en exclusión social, como de investigacións sobre estes grupos feitas no marco da academia. Así mesmo, denunciouse a falta de interacción entre a Universidade, os medios de comunicación e as organizacións sociais. Para superar ditos problemas, os participantes neste foro incidiron na necesidade de impulsar unha maior (e mellor) formación, que axude aos profesionais dos distintos ámbitos a coñecer as dinámicas do resto e permita vencer as barreiras comunicativas detectadas. Á vez, destacou a necesidade de intensificar a conexión dos medios e a Universidade coa sociedade. Reforzando o compromiso social que estes ámbitos deben ter coa cidadanía. Tanto dende o xornalismo como dende o ámbito académico debe traballarse cunha maior sensibilidade social, posto que para comunicarse co outro é imprescindible pórse no seu lugar. En último lugar, sinalouse a necesidade de crear redes e estratexias compartidas nas que colaboren grupos de investigación, organizacións sociais e comunicadores. A través do traballo en rede, os tres eidos poden fortalecer as súas relacións, potenciar a súa relación coa sociedade e propor actividades de formación. O obxectivo final é garantir a participación de tódolos grupos sociais na xestión do común, garantir o seu dereito á comunicación e avanzar cara unha investigación e un xornalismo con sensibilidade e compromiso sociais.

Dentro desta parte do Caderno II do Proxecto CIDEDEC, poderanse atopar tanto as reflexións individuais feitas por algún dos participantes do Encontro, que foron o cerne dos debates descritos anteriormente, así como unhas crónicas sobre ditas conversas e as conclusións realizadas polos moderadores das mesmas. A continuación traémoslles aos lectores da RICD as conclusións elaboradas polo investigador do proxecto CIDEDEC, Xesús Lage (HI2, UVigo) da Conversa 2, que xuntou a investigadores e persoas ligadas a organizacións sociais:

- Incídese na necesidade de facer visíbel por medio da comunicación ás empresas, políticos e sociedade en xeral dos problemas de integración e desigualdade das persoas con diversidade funcionais. Non se trata de dar un trato distinto ás persoas con esa problemática, senón de facer entender que a me-

llora de servizos que, por exemplo, facilitan a accesibilidade, teñen que ser contemplados como servizos de carácter universal, servizos que inciden na calidade de vida da sociedade no seu conxunto.

- Sublíñase a necesidade de traballar criticamente a significación terminolóxica de conceptos empregados por investigadores e profesionais da intervención. Con frecuencia, a forma de definir conceptos como a infancia ou adolescencia, e a forma de entender a relación social coas persoas novas, é moi distinta. Precísase traballar o cambio de prácticas, formas de designar e entender determinadas realidades sociais, abrir espazos para a comunicación en relación con eses obxectos.

- Dende os membros das organizacións sociais demándase explicitamente compromiso ético por parte dos profesionais da comunicación, da investigación, da Universidade, no tratamento dos temas que afecten aos colectivos vulnerables. Tamén, compromiso e vontade por parte dos xestores públicos ou das empresas para mudar atrancos na normalización do acceso aos servizos. Ponse o acento en que é preciso que se conte coas persoas ou colectivos vulnerables para ver como tratar temas e adoptar medidas. Hai que deixar de lado as prácticas do “para eles” e mudalas por “con eles”.

- Incídese na necesidade de concibir e construír formas de participación social que lles dean voz a aqueles que son excluídos dos dereitos dos que gozan os cidadáns “normalizados”. As experiencias nas que se lles dá voz aos colectivos de inmigrantes, como subliñan as investigacións-accións desenvolvidas a partir das Acampadas de Sol do 15 de maio de 2011, son exemplos de boas prácticas nas que desenvolver canais de comunicación na integración de persoas e colectivos, e de exercitar a cultura democrática.

- Os cambios nas estruturas produtivas, nas formas do traballo, e de acumulación de capitais inciden en novas formas de desigualdades sociais, e no xurdimento de novas clases e realidades, como é o caso do *precarizado social*. Xurdimento tamén de movementos e maneiras de contestar que poñen en evidencia, máis aló do rol da normalización, a existencia de vontades de cambio, de rachar



2. Investigadores e representantes de colectivos sociais no II Encontro CIDEC

coas formas institucionalizadas e de xestión da normalidade.

- Destíllase a necesidade de traballar formas de comunicar a empatía, de traballar ferramentas, de compartir espazos nos que construír e darlle contidos á vivencia da cidadanía. Os investigadores, máis aló das estruturas institucionais nos que se insire a súa actividade, perciben posibilidades de traballo coas organización de colectivos vulnerables que colaboren nos cambios sociais precisos para acadar unha cidadanía plena para todas as persoas sen distincións.

## 2. FERRAMENTAS DE PARTICIPACIÓN: O OBSERVATORIO CIDADÁN DA COMUNICACIÓN

O Observatorio Cidadán da Comunicación é unha ferramenta que permite escutar a actividade dos medios de comunicación, por parte da cidadanía e da Academia, de forma continuada. A través da observación e a análise dos contidos producidos e das formas expresivas, o Observatorio estudará como se representan aos grupos de atención social prioritaria (persoas con diversidade funcional, mulleres, migrantes e nenos e adolescentes) nos nosos medios, e se os medios respectan os dereitos destes colectivos. A II parte do Caderno céntrase en establecer o funcionamento do Observatorio, as funcións dos seus dous piares básicos, os círculos de lectura crítica e o equipo de investigación, e en describir as

dúas principais ferramentas do mesmo, o Índice de Vulnerabilidade e o selo informativo Infoxusta. Así mesmo, visualizaranse algunhas das primeiras experiencias rexistradas dentro do Observatorio e faranse propostas de futuro para a súa expansión cara outros colectivos sociais vulnerabilizados como o *precariado*. A continuación, expoñemos brevemente as principais funcións dos círculos de lectura crítica e o equipo de investigación e incorporamos un esquema coas dimensións e indicadores do Índice de Vulnerabilidade.

### 2. 1. CÍRCULOS DE LECTURA CRÍTICA


Que son? Os círculos de lectura crítica son grupos de reunión conformados por persoas que se reúnen periodicamente (unha vez ao mes), para analizar a súas relacións comunicativas diarias, así como os contidos mediáticos que consumen, de cara a detectar posibles vulneracións que nos mesmos poden haber. O obxectivo da posta en marcha destes círculos é fomentar o pensamento crítico da cidadanía e que a mesma poida reflexionar e denunciar posibles vulneracións de dereitos e cuestionarse os discursos que se producen dende os medios, así como as representacións que se fan dos diversos colectivos sociais. Estas son as súas funcións:

- Observar, no seu consumo mediático habitual, como os medios informan sobre os grupos de atención social prioritaria. Podendo, cada cidadán, de forma individual sinalar

**Táboa 1. Indicadores do Índice de Vulnerabilidade**

Autodeterminación das persoas	Representación das persoas	Visibilidade e invisibilización
- Restarlle relevancia á capacidade das persoas para defender os seus dereitos. Non dar cabida a denuncias de determinados grupos sociais.	- Enfoque fatalista das posibilidades de cambio dos grupos de atención prioritaria, aos que se considera atrapados polas súas circunstancias.	- Non contar como fonte informativa coa persoa ou os grupos de atención social prioritaria aos que se refire a información.
- Tratar as persoas como se tivesen menor capacidade de decisión e de responsabilidade, polo mero feito de pertencer a un determinado grupo social. Negación do dereito á autodeterminación persoal.	- Tratamento clínico e asistencialista da problemática dos grupos sociais de atención prioritaria	- Visibilizar a determinados colectivos só como axentes de consumo, e non como persoas con dereitos.
- Negar a capacidade de autorrepresentación dos grupos vulnerabilizados, establecendo unha representación externa aos mesmos.	- Anormalización. Infórmase dun acontecemento cotiá como se fora algo extraordinario, só polo mero feito de que a persoa protagonista pertence a un grupo vulnerabilizado.	- As informacións invisibilizan a realidade dos grupos de atención social prioritaria, ocultando os seus problemas e demandas.
Dereito á comunicación	Diversidade e homoxeneización	Tratamento informativo
- Dificultar a comunicación dos grupos de atención social prioritaria, restándolle relevancia ás informacións sobre os mesmos.	- Non ter en conta ás persoas como suxeitos individuais senón só como suxeitos pertencentes a un grupo. Representar unha persoa mediante as características do grupo social ao que pertence. Sen amosar as súas propias particularidades.	- Tratamento superficial e espectacularizante da información: enfatizar as compoñentes dramáticas ou excepcionais para causar maior impacto, sen engadiren estas información relevante para a comprensión dos feitos.
- Non ter unha persoa que defenda os dereitos da cidadanía no medio.	- Extrapolar unha característica individual ao conxunto de características que definen un grupo. Representar a totalidade dun grupo social mediante a caracterización dunha soa persoa.	- Emprego de elementos morbosos e superficiais, que banalizan as informacións e desvalorizan ás persoas que figuran nas mesmas.
- Non ter en conta a diversidade funcional das persoas e empregar formatos que non garantan o acceso de toda a cidadanía aos medios.	- Encadrar nun colectivo concreto ás persoas, sen contemplar a abordaxe personalizada, plural e coordinada dende os distintos colectivos de atención aos que pode pertencer.	- Vulnerar o dereito ao honor e á intimidade das persoas con fins comerciais
Contextualización e descontextualización	Emprego da linguaxe	Enfoque informativo
- As informacións carecen de contextualización. Non explican as causas, os feitos e as consecuencias.	- Emprego dunha linguaxe e/ou expresións pouco respectuosas coa dignidade das persoas.	- Tratamento negativo da realidade dunha persoa ou grupo e/ou ausencia dun enfoque en positivo. Destacar os problemas fronte aos logros e avances.
- Prescindir da ubicación do discurso nunha contorna que permita explicar as causas, os feitos e as consecuencias, o que pode producir discriminacións por asociacións.	- Manexar conceptos con implicacións negativas ou que non sexan inclusivos e actualizados	- Criminalizar a grupos sociais e xerar alarma social. Producir discursos de medo, xenófobos ou exclusivos.
- A sección do xornal ou programa na que figura a nova poden xerar descontextualización e discursos que vulneren dereitos	- Adxectivar aos suxeitos, omitindo a condición de persoa.	- Culpabilizar grupos sociais de problemas sociais. Ben asociándoos aos mesmos ou ben esgrimindo que as súas accións os xeran.
Sexismo		
- Ollada androcéntrica: Uso do masculino xenérico; falta de perspectiva de xénero na abordaxe da información (emprego, saúde, cuidados...); uso de fontes exclusiva ou maioritariamente masculinas.		
- Ollada misóxina: Uso do feminino en contextos que poñen de manifesto a desigualdade: 'muller pública', 'o médico e a enfermeira', nome e apelidos das mulleres e só apelido dos homes... Uso de termos misóxinos: 'histérica'. Omisión do feminino para certas profesións. Expresións claramente sexistas das mulleres con responsabilidades públicas (aspecto físico, xeito de moverse e mesmo maternidade).		
- Cobertura dos casos de violencia de xénero que vulnera os dereitos das mulleres. Son denominadas 'víctimas' e culpabilizadas (como ía vestida, a que hora andaba por aí, sinalar que non tiña denunciado...).		

Fonte: Proxecto Cidec



3. Portada do Caderno I do Proxecto CIDEDEC

4. Un momento do obradoiro sobre mapas sociocomunicativos impartido na USC polo colectivo Ergosfera, no marco do proxecto CIDEDEC

novas que cre que vulneran os seus dereitos, ou novas, que pola contra, elaboran unha representación complexa e adecuada dos grupos de atención social prioritaria.

— Os cidadáns que formen parte dos círculos de lectura crítica, reuniranse unha vez ao mes. Nesa reunión presencial porán en común os problemas e vulneracións que detectaron xa non só no seu consumo habitual de medios, senón tamén na súa comunicación interpersonal, xa sexa física ou a través de redes sociais.

— De ditas reunións saíran informes, nos que os cidadáns plasmarán o compartido e debatido nos círculos de lectura crítica. Ditos informes publicaranse no blogue, de cara a darlle difusión ao traballo dos círculos entre toda a sociedade galega.

— Xerar novos indicadores. Os ítems que conforman o Índice de Vulnerabilidade foron deseñados e pactados por persoas que traballan cos catro grupos de atención social prioritaria nos que focaliza o seu traballo o proxecto CIDEDEC. Como consecuencia diso os indicadores son extremadamente abertos, para poder acoller diversas situacións e problemática. Tendo en conta isto, os círculos de lectura, conformados por persoas con problemáticas concretas, poderán readaptalos e focalizalos as súas áreas de interese, xerando desta forma novos indicadores, moito máis especializados.

## 2.2. O GRUPO DE INVESTIGACIÓN

Os investigadores ligados ao proxecto CIDEDEC e ao mantemento do OCC teñen como principais funcións:

— Por en marcha os círculos de lectura crítica, dotar aos cidadáns que formen parte dos mesmos das ferramentas e coñecementos necesarios para analizar os medios e servir de apoio a ditos círculos

— Observar as informacións publicadas polos medios, detectando posibles vulneracións, pero tamén destacando informacións complexas e que fan unha representación xusta dos grupos foco

— Atender denuncias que proveñan tanto dos círculos de lectura crítica, das organizacións sociais ou do resto da sociedade galega. O grupo de investigadores estudará as denuncias que se produzan sobre determinadas coberturas informativas, e ditaminará se en ditas informacións se vulnerou os dereitos dos cidadáns.

— Elaborar informes semestrais sobre a vulneración dos dereitos nos medios. A través da aplicación do Índice de Vulnerabilidade deseñado polos investigadores, estes poderán cuantificar a vulneración mediática de dereitos, outorgándolle unha nota a cada medio galego, en función da representación dos grupos de atención social prioritaria que fan nas súas informacións.

### 2. 3. O ÍNDICE DE VULNERABILIDADE

O Índice de Vulnerabilidade é a principal ferramenta de análise coa que contan tanto os círculos como o grupo de investigación. Xerouse ao longo da primeira fase do proxecto CIDEC, mediante a elaboración de grupos de discusión, recompilación de documentación e o traballo colaborativo entre investigadores, organizacións sociais e comunicadores. Na táboa 1 poden verse as 10 dimensións e os 30 indicadores que o compoñen. Préstase especial atención á dimensión relativa ao sexismo na comunicación, que é transversal a tódolos grupos de atención social prioritaria.

### 3. O CADERNO I DE CIDEC

No pasado mes de outubro publicouse o Caderno I do Proxecto CIDEC, baixo o título *Cara a unha comunicación non excluínte*. Esta obra resume o traballo realizado ao longo da primeira fase do proxecto, que rematou

en maio pasado coa celebración do I Encontro Cidadanía e Educomunicación. O Caderno estrutúrase en dous grandes bloques, por unha banda están os grupos de discusión celebrados a finais de 2014 con representantes de organizacións sociais, medios comunitarios e xornalistas. Ditos grupos de discusión foron transcritos e analizados polo equipo de investigadores do proxecto. E por outra banda, o Caderno recolle os contidos dos seminarios teóricos celebrados entre finais de 2014 e principios de 2015, a través de textos elaborados polos profesores que os impartiron e dun glosario que reúne os principais conceptos tratados nos mesmos.

Pódese consultar a obra na súa totalidade no seguinte enderezo: <https://ciudadaniaecomunicacion.files.wordpress.com/2014/11/caderno-i-do-proxecto-cidec-cara-a-unha-comunicacion-3b3n-non-excluc3adnte.pdf>

Máis información sobre o proxecto CIDEC: <http://ciudadaniaecomunicacion.wordpress.com>

### NOTAS BIOGRÁFICAS

**Luis Ogando Des** é investigador en fase pre-doutoral no grupo de investigación CIDACOM da Universidade de Santiago de Compostela (USC). As súas principais áreas de traballo son a Comunicación e as dinámicas de poder no espazo urbano. Traballou no proxecto Cidadanía e Educomunicación (CIDEC), que fomentou unha comunicación inclusiva.

Contacto: [luisan.ogades@gmail.com](mailto:luisan.ogades@gmail.com)